



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 21 DE FEBREIRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 21 de febreiro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 09.02.2017)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 09 de febreiro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vista a Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (ADLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA acollerse a dita liña de subvencións para o proxecto "A Guarda - Mar de sal".

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "Substitución de luminarias na rúa Concepción Arenal", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "Substitución de luminarias na rúa Concepción Arenal"

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 11.351,09 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

PUNTO 3.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 911 de data 16 de febreiro de 2017, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 11 de marzo vai celebrarse no porto de A Guarda a regata XVIII Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun toldo para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local e o responsable do departamento de servizos para que instale o palco.

Lese o escrito RE 812 de data 10 de febreiro de 2017, presentado por D. FRANCISCO BUERGO GOMEZ, en calidade de Presidente de ASOCIACIÓN UNIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ASTURIAS, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Piles, nº 15 de Xixón, solicitando autorización para a venda a pé de axendas con horóscopo pola rúa durante o 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a venda ambulante no Concello da Guarda está regulada na ordenanza correspondente, debendo seguir o procedemento establecido nela para o seu exercizo.

PUNTO 4.- ASUNTOS DE URBANISMO

4.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 6.461/2016.- D^a. ORFA NERY BEDOYA RESTREPO, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CONSISTENTE EN REPARACIÓN DE FALSO TEITO DE ESCAIOLA E COLOCAR PARTE NOVA NUNHA SUPERFICIE DE 25,00 M². INCLUIDO PINTADO DE PAREDES, COLOCACIÓN DE TARIMA FLOTANTE LAMINADA E RODAPIE INCLUIDO UN FOMPEX COMO ELEMENTO AISLANTE, E INSTALACIÓN DUNHA NOVA PORTA DE ENTRADA E ESCAPARATE, SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 79-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.459/2016. H. BRUSELAS, C.B., PARA SECTORIZACIÓN DE CAIXA DE ESCALEIRA EN PLANTA BAIXA PARA ADAPTARSE Á NORMATIVA CONTRA INCENDIOS DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 5.966/2016.- H. BRUSELAS, C.B., PARA SECTORIZACIÓN DA CAIXA DE ESCALEIRA EN PLANTAS BAIX, 1ª, 2ª E 3ª PARA ADAPTARSE A NOMATIVA CONTRA INCENDIOS DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.224/2016.- H. BRUSELAS, C.B. PARA INSTALACIÓN VENTILACIÓN DE GARAXE-APARCAMENTO DO HOTEL VILA DA GUARDA, SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.342/2016.- D. VICTOR LOMBA MARTÍNEZ, PARA RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE PEDRA FRONTAL E MODIFICACIÓN DE PORTAL DE ENTRADA DE 4 X 1,5 MTS. SITO NA RÚA DE 1º TRV. LONGRA Nº. 19, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.921/2016.- D. VICTOR LOMBA MARTÍNEZ, PARA RETIRAR ANTEPEITO DE VENTÁ NA FACHADA PRINCIPAL E COLOCAR ANTIGA PORTA PARA ACCESO Ó BALCÓN EXISTENTE NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL LONGRA Nº. 19, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.481/2016.- D. ANTONIO RIVEIRO GONZÁLEZ, PARA CAMBIO DE CUBRICIÓN DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 139,43 M². CONSISTENTE EN RETIRAR O MATERIAL EXISTENTE FORMADA POR CORREAS, RASTRELES DE MADEIRA E TELLA CERÁMICA CURVA DO PAIS E SUBSTITUIA POR PLACAS DE FIBROCEMENTO COMO CAPA IMPERMEABLE E TELLA CERÁMICA CURVA NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRV. A CRUZ Nº. 23, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.316/2016.- Dª. MARÍA ESTHER PÉREZ COSTA, PARA CONSTRUIR UN CABANÓN CUNHAS DIMENSIÓNS DE 7,50 X 3,50 E UNHA ALTURA DE 2,40 MTS. REALIZADO CON LADRIILLO REVESTIDO A DÚAS CARAS, TELLADO A UNHA AUGA DE URALITA E TELLA, SOLEIRA DE FORMIGÓN E ACABADO CON PLAQUETA, COLOCACIÓN DUNHA PORTA E VENTÁ DE ALUMINIO SITO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 74-INTERIOR, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 7.502/2016.- Dª. DIGNA ESPAÑOL TRIGO, PARA APERTURA DE OCO EN MURO NUNHA LONXITUDE DE 4,50 MTS. PARA INSTALACIÓN DE PORTAL SITO NA RÚA DE 2º TRV. CORUTO VELLO Nº. 47 (PARCELA Nº. 53-POLÍGONO Nº. 27), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

4.2.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE LOCAL

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 201 de data 16 de xaneiro de 2017, a instancia de **Dª. DOLORES MANUELA RODRÍGUEZ**

3



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CIVIDANES e con domicilio na rúa de Concepción Arenal nº. 52-1º A de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. José Ramilo Hermida para **“SEGREGACIÓN DE LOCAL COMERCIAL EXISTENTE”**, sito na rúa de Concepción Arenal nº. 52.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes favorables do arquitecto técnico municipal e do asesor xurídico municipal, acorda acceder ó solicitado.

4.3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRAS

Pasase a dar conta da solicitude presentada por D^a. ALMUDENA VERDE PEREZ, en representación de D. MIGUEL GONZALEZ PEREZ (RE nº 869/2017) con domicilio na Rúa 7ª Transv. Solanas, nº 13 da Guarda, no que solicita cambio de titularidade de licenza de obras nº 61/2012 para construción de vivenda unifamiliar que figuraba a nome de Jesús González Álvarez e Francisca Perez Castro , xuntado escritura de herdanza.
A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

4.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 200/2017.- ÓPTICA ALMA, S.L., PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL COMERCIAL DESTINADO A ÓPTICA SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 27-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

4.5.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 7.101/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 10-11-2016 (R.E. nº. 7.101), por **D. ELOY GONZÁLEZ VICENTE** con D.N.I. nº. 34.885.616-K e con domicilio na rúa de Brasil nº. 17 de A Guarda-C.P. 36780, para “INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS” sito na rúa de Brasil nº. 17, en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico e execución subscrito polo Arquitecto D. José Ignacio Peña Chocarro.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 30-11-2016, considérase **favorable** a solicitude de licenza para a “instalación dun ascensor en edificio de vivendas”.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 09-12-2016, quen indica que non se observa na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente**, e formulase ó órgano competente a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la autorización de excepcionalidade no cumprimento das normas de habitabilidade do anexo I do Decreto 29/2010 que se relacionan no informe do arquitecto municipal de 24-11-2016, as cales deben indicarse expresamente na autorización que se conceda a favor de D. Eloy González Vicente. **Dita autorización debe ser notificada o IGVS en Pontevedra ós efectos no previsto no artigo 17 do devandito Decreto.**

1º. Concede-la licenza municipal de obras de instalación de ascensor en edificio sito na rúa de Brasil nº. 17 a favor de D. Eloy González Vicente, impoñendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobábase o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos de proxecto con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. ELOY GONZÁLEZ VICENTE**, licenza para "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS" sito na rúa de Brasil nº. 17, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídicos.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 6.374/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 06-10-2016 (R.E. nº. 6.374), por **D^a. MARÍA JESÚS VICENTE GUERRA** con D.N.I. nº. 76.898.146-S e con domicilio na rúa de Rosentes nº. 18 de A Guarda-C.P. 36780, para construción dunha "PISCINA PRIVADA" sita na rúa de Rosentes nº. 18 da Parroquia de Salcidos, en Solo Non Urbanizable Común (Ordenanza Nº. 8 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico suscrito polo Arquitecto Técnico D. Santiago Lima Ameal (Visado C.O.A.A.T.: 21-07-2016).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal de data 17-11-2016, considérase **favorable** o proxecto para construción dunha "piscina privada", indicando que unha vez se obteña a licenza municipal de obras non se poderá comenza coas mesmas en tanto non se presente no Concello da Guarda o proxecto de execución visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 23-11-2016, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, de acordo coa seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licenza municipal de obras de construción de piscina sita no barrio de Judela-Rosentes a favor de D^a. María de Jesús Vicente Guerra, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo advertirse ó titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo polo Oficina Técnica Municipal** con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse a interesada.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. MARÍA JESÚS VICENTE GUERRA**, licenza para construción dunha "PISCINA PRIVADA" sita na rúa de Rosentes nº. 18, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 4.018/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 08-07-2014 (R.E. nº. 4.018), por **D^a. SONIA BERNARDINI ASEÑO** con D.N.I. nº. 50.830.698-P e con domicilio na rúa de La Gargantilla nº. 5 de Hoyo de Manzanares-C.P. 28240 (Madrid), para "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USOS ANEXOS DE VIVENDA EXISTENTE" sito na rúa de 1º Transversal Salgueiro nº. 7-11, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Camposancos" (Ordenanza Nº. 7 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico subscrito polo Arquitecto D. Miguel Bernardini Asenjo.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 30-11-2016, considérase **favorable** a licenza para obras de rehabilitación de edificación para usos anexos a vivenda unifamiliar existente, **impondo as condicións seguintes:**

Os servizos xurídicos do Concello avaliarán a documentación de titularidade da parcela presentada.

Será responsabilidade do promotor da obra o nomeamento do:

- Coordinador de seguridade e saúde nas obras, nas circunstancias previstas no artigo 3 do RD 1627/1997.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Unha vez obtida a licenza municipal non se poderá comezar as obras de edificación en tanto non se achegue ó Concello o correspondente proxecto de execución visado conforme establece o RD 1000/2010, que deberá ser supervisado polos servizos técnicos correspondentes.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 09-12-2016, quen indica que non se observa na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente**, e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licencia municipal de obras a favor de D^a. Sonia Bernardini Asenjo, para obras de rehabilitación de edificación para usos anexos a vivenda unifamiliar existente na rúa de Salgueiro nº. 7, **impoñendo as condicións seguintes:**

a).- Deberá inscribir no Rexistro da Propiedade a escritura de agrupación de parcelas de data 2-6-2014 outorgada ante o Notario D. Benito Martin Ortega (nº. 1.328 do seu protocolo).

b).- Que a edificación na que se realizan as obras non pode ser segregada nin utilizada independentemente da outra por terceiros, e a tal fin deberá solicitar, unha vez rematadas as obras, licencia de primeira ocupación para a comprobación do cumprimento anterior.

c).- Recoller no texto da licencia os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico entre eles o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde impoñendo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, debendo advertirse ó titular da licencia que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e se lle dea o visto bo pola Oficina Técnica municipal, sempre e cando cumprira os condicionantes antes expostos.

Finalmente, deben consignarse no texto da licencia todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto... con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. SONIA BERNARDINI ASENJO**, licenza para "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USOS ANEXOS DE VIVENDA EXISTENTE" sita na rúa de 1º Transversal Salgueiro nº. 7-11, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídicos.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

4.6.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENZAS DE APERTURA

Exp. Nº 7.307/2016 de data 22.11.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. ORFA NERY BEDOYA RESTREPO con enderezo na Rúa Novo do Couso, nº 14-1^ºD do Rosal, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 79-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 2 de febreiro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. ORFA NERY BEDOYA RESTREPO licenza municipal nº 1/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 79-baixo da Guarda.

Exp. Nº 8.002/2016 de data 27.12.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. JOSE ANTONIO MARIÑO DOMINGUEZ, con enderezo na Rúa Manuel Alvarez, nº 8-baixo da Guarda, para inicio de actividade de CAFÉ BAR (Epíg. 673.2) e OUTROS SERVIZOS RECREATIVOS (Epíg. 969.5) no local sito na rúa



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Manuel Alvarez, nº 8-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de xaneiro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. JOSÉ ANTONIO MARIÑO DOMINGUEZ, licencia municipal nº 2/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR (Epíg. 673.2) e OUTROS SERVIZOS RECREATIVOS (Epíg. 969.5) no local sito na rúa Manuel Alvarez, nº 8-baixo da Guarda.

4.7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 43/2017. CENTRO J.A. FAJAR, S.L. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CENTRO DE MASAXES [EPIG. 839] A REALIZAR NA RÚA TRANSV. BRASIL, Nº 1-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. JORGE FAJAR ALONSO.

EXPEDIENTE: 295/2017. MIGUEL BARBI BERMEJO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE FARMACIA [EPIG. 652.1] A REALIZAR NA RÚA VICENTE SOBRINO, Nº 11-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. JOSE MIGUEL BARBI ALONSO.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 10:20 horas da que eu como secretario dou fe.